

## Descripción do percorrido

RUTA 1: **COUTO MIXTO - CAMIÑO PRIVILEXIADO - TOUREM (Portugal) - RUTA DO CONTRABANDO**

FECHA: 30 de Abril 2016

DISTANCIA: 22 km.

DESNIVEL: 90 m.

DIFICULTADE: Baixa.

O COUTO MIXTO conforma un territorio duns 27 km. cadrados dentro dos actuais Concellos Ourensans de Baltar e Calvos de Randín. A sua importancia e singularidade histórica baseábase na chea de privilexios dos seus habitantes, os cuales podían escolher nacionalidade (española ou portuguesa), estaban ceibes de pagar impostos, tiñan inmunidade dentro do COUTO, podían levar armas, etc, etc, etc.

O COUTO MIXTO remonta a sua orixe ao século XII e perdura ata o XIX, xa que no ano 1864 polo tratado de Lisboa queda anexionado definitivamente a España desaparecendo a entidade como tal e mais toda-las suas particularidades e privilexios.

Os tres pobos que comprenden o COUTO MIXTO son MEAUS (antigo centro do comercio), SANTIAGO DE RUBIÁS (que ostentaba a capitalidade do COUTO) e RUBIÁS DOS MIXTOS.

MEAUS está hoxe encadrado no Concello de Baltar, mentres que SANTIAGO e RUBIÁS pertencen ao Concello de Calvos de Randín. Escomenzamo-la nosa andaina en MEAUS, o primeiro dos tres pobos do COUTO MIXTO, e andaremos-lo "camiño antigo" ata SANTIAGO DE RUBIÁS, antigua capital do COUTO. Visitaremos a Igrexa onde se atopa o ARCA cos documentos da memoria histórica do COUTO MIXTO.

Dende eiquí po-lo percurso do "CAMIÑO PRIVILEXIADO" camiñaremos ata RUBIÁS DOS MIXTOS (o derradeiro pobo do Couto) e seguindo o CAMIÑO PRIVILEXIADO continuaremos ata TOUREM, en Portugal, onde remata.

Logo dunha parada para xantar e visita-lo pobo, enlazaremos coa RUTA DO CONTRABANDO que nos levará de volta a España. Percorremos esta Ruta ata perto de Randín, deixándoa para continuar (a traveso dunha corta subida) ata o Monte do Castro onde colaremos-lo camiño de Paradela a RUBIÁS rematando a nosa camiñada de hoxe.

Xa no bus marcharemos ata Lobios onde temo-lo aloxamento no Hotel Lusitano, cea e almorzo incluidos.

RUTA 2: **VÍA NOVA (VÍA XVIII do ITINERARIO de ANTÓNINO)**

FECHA: 1 de Maio 2016

DISTANCIA: 19 km.

DESNIVEL: 506 m.

RUTA CIRCULAR

DIFICULTADE: Media.

A ruta (encadrada dentro do PARQUE NATURAL DA BAIXA LIMIA - SERRA DO XURÉS) percorre un tramo, parcialmente restaurado, desta milenaria vía romana que unía as cidades de BRACCARA AUGUSTA (a actual Braga portuguesa) con ASTÚRICA AUGUSTA (a actual Astorga) a traveso duns 300 km. O ancho orixinal da vía acadaba arredor dos 5 m, chegando nalgunhas tramos ata os 11m. O desnivel máximo do 6% facilitaba dабondo o tránsito de carruaxes e bestas. Escomenzamo-la ruta no aparcadoiro do Balneario do Río Caldo en Lobios (Ourense) ascendendo pola Calzada Romana da VÍA NOVA ata a PORTELA DO HOME na fronteira portuguesa. No noso percorrido pasaremos por un conxunto de MILIARIOS. Estos MILIARIOS marcaban a distancia cada 1.000 pasos romanos (pasos dobles de 148 cm.) que son a orixe da actual MILLA. A altura orixinal dos miliarios varia entre os 2 e os 4 metros e a sua anchura entre os 50 e os 80 cm.

Nesta VÍA XVIII dase a meirande concentración de MILIARIOS de Europa (uns 281). No descenso andaremos a carón da espectacular fervenza "A Corga da Fecha", sen dúbida unha das maiores de Galicia e continuaremos a baixada por un viero duro e irregular que fai imprescindible o uso de bastons. O remate podrémonos dar un baño na piscina



SOCIEDADE DE MONTAÑA  
ARTABROS

SAIDA FIN DE SEMANA



### PROXIMAS ACTIVIDADES

- ✓ **15 de mayo 2016:** Val do río Tea. Mondariz (PO)
- ✓ **28 y 29 de mayo 2016:** Muxia - Nemiña (LC)
- ✓ **12 de junio 2016:** Fraga da Ribeira e do Lostegal (LC)
- ✓ **17 a 19 de junio 2016:** Travesía por PP.EE. (AS)
- ✓ **28 de julio a 7 de agosto 2016:** Val di Fassa. Dolomitas (I)
- ✓ **18 de septiembre 2016:** De Bares a Espasante (LC)
- ✓ **2 de octubre 2016:** Da Moure a Pe do Home. R. Sacra (OR)
- ✓ **23 de octubre 2016:** Das Pozas de Mougas. Olla (PO)
- ✓ **20 de noviembre 2016:** Polas Fragas de Bogo (LU)
- ✓ **18 de diciembre 2016:** Rio Ulla. Pontecesures (PO)



Teléfono: 981 213115  
Correo: artabros@artabros.org

30 de abril-1 de mayo de 2016

**COUTO MIXTO (RUTA DO CONTRABANDO)  
XURES (ORENSE)**

